

Pola súa banda, Inga Baumann defende no seu traballo o carácter eminentemente romántico dos traballos rosalianos. Sérvese para isto dunha análise comparada, dos prólogos e dous poemas, co poeta romántico francés Alphonse de Lamartine, para alonxar a figura de Rosalía do premodernismo e do simbolismo.

Helena González analiza o proceso histórico de canonización da escritora que trouxo a patriarcalización do discurso e con ela a desautorización e a deturpación da súa imaxe. A profesora da Universidade de Barcelona toma como punto inicial versos de autoras galegas do século XX, das que foi aurora Rosalía de Castro, para analizar o proceso de quebra da devandita inercia da imaxe rosaliana e que lles permitiu sentar á súa sombra na autorización da escrita comprometida e significativa.

Finalmente, no discurso de Wolfgang Matzat faise patente a creación dunha imaxe nova de Galicia que desenvolve Rosalía de Castro mediante o discurso romántico e que contribuíu a desenvolver unha dimensión colectiva da paisaxe galega ao superar con certos elementos simbolistas o que de carácter individual ten o romanticismo.

Por outra banda, e moi importante, este libro é un exemplo do funcionamento útil e fructífero dos Centros de Estudos Galegos en universidades fóra de Galicia. Na meirande parte das ocasións, e como xa salienta o profesor Kabatek no seu texto introdutorio, os actos organizados non conseguen traspasar as fronteiras dos Estudos galegos e as actividades corren o risco de non callar nas comunidades universitarias nin na sociedade que as acolle. Por isto non cabe máis que felicitar ao CEG da Universidade de Tubinga, ao seu director Johannes Kabatek e a quen foi o seu lector Aitor Rivas, pola publicación desta obra e polo traballo académico, divulgador e integrador desenvolvido no CEG de Tubinga.

Isaac XUBÍN

MONTEAGUDO, Henrique (coord.) (2009): *Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 270 pp.

No presente volume Henrique Monteagudo coordina unha serie de traballos presentados co gallo do foro titulado “Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade” que foi organizado en xuño de 2008, dentro do ciclo de debates “Crear culturas, imaxinar país”, actividade deseñada para celebrar o vinte e cinco aniversario da creación do Consello da Cultura Galega. O coordinador da obra insiste na necesidade de facer traballos deste xeito, sobre uns temas que constitúen, na súa opinión, “un dos maiores desafíos culturais, para Galicia e a humanidade” (p. 11). En efecto calquera debate sobre identidade e diversidade nas sociedades plurilingües significa unha oportunidade para profun-

dar no coñecemento dos fenómenos sociais e o seu reflexo na lingua.

A estrutura da obra é clara e permite unha lectura sinxela dos diferentes puntos de vista nela expresados. Temos seis capítulos principais, cada un deles estruturado á súa vez en dúas partes: o texto do relatorio e unha réplica ao mesmo. A quinta parte, poren, só está composta do relatorio.

No primeiro capítulo, “A perspectiva global da diversidade lingüística”, a profesora M. Carme Junyent da Universitat de Barcelona, que dirixe un grupo de investigación sobre a diversidade lingüística en Catalunya, presenta un texto intitulado “A perda da diversidade lingüística no mundo e os procesos de homoxeinización lingüística” no cal insiste sobre a necesidade de adaptarse ás diferenzas para evitar a morte das linguas: “A morte das linguas ponnos diante moitos retos. Un dos fundamentais é xustamente a aceptación da diferenca...” (p. 34). O retruque ao traballo da profesora Junyent faíno a profesora Pilar García Negro, da Universidade da Coruña, que expón o seu punto de vista sobre a situación social do galego e afirma que “a crise que vive aínda o galego como lingua é debedora de razóns extralingüísticas” (p. 43). A normalización do galego, para ela, ha de ser política e social.

O seguinte capítulo do volume, “A glotopolítica de Galicia”, refírese a política lingüística desenvolvida no marco do Estado das Autonomías. O relatorio “Democracia e política lingüística en Galicia” foi confeccionado polo politólogo Xaime Subiela, un dos participantes na elaboración do Plan Xeran de Normalización Lingüística de 2006. Na súa intervención Subiela dá unha serie de razóns para defender o uso e a promoción do galego, entre as que destacamos a dignidade igualitaria e a integración social, segundo o autor a política lingüística axeitada debe outorgar “unha igual dignidade aos falantes da lingua que ten unha consideración social desprestixiada” (p. 72). A réplica deulla Alba Nogueira, da Universidade de Santiago de Compostela, cun texto intitulado “Dereito e plurilingüismo. Evolución normativa e garantía dos dereitos lingüísticos” no cal percorre o marco legal da lingua galega nos últimos trinta anos. O modelo ideal sería o marcado polo Estatut de Catalunya de 2006, xa que nel establécese “un deber xurídico de falar catalán” (p. 97) e regula de maneira concreta os termos da cooficialidade.

O terceiro bloque deste libro chámase “A política lingüística do Estado” e nel colaboran Emili Boix-Fuster e mais Fernando Ramallo. Boix-Fuster, coñecido sociolingüista e profesor na Universitat de Barcelona, escribe aquí sobre a política estatal en materia lingüística. Para el o Estado español aínda non soubo adaptarse ao pluralismo cultural e lingüístico que posúe. Partindo desta base, o profesor Boix-Fuster fai un breve panorama das principais ideoloxías referidas ao multilingüismo en España e invítanos a “empezar a construír, soterrando experiencias ominosas do pasado, unha tradición plurilingüe española” (p. 124). O retruque, de Fernando

Ramallo, da Universidade de Vigo, referido ao mesmo tema intitúlase “Política lingüística do Estado: problemas e oportunidades” e fala de dúas tendencias contrapostas: os defensores do idioma común e mais a resistencia das minorías lingüísticas. Na súa opinión “é necesario que os partidos políticos asuman con naturalidade que vivimos nun estado plurilingüe”, unha vez asumida esta idea podería comezar un diálogo serio e construtivo sobre o tema da diversidade lingüística.

Co título “A sociolingüística de Galicia” ábrese o cuarto capítulo deste volume colectivo. Precisamente o nome do capítulo é asemade o do relatorio principal, feito por Anxo M. Lorenzo, profesor na Universidade de Vigo, onde traballa sobre temas de sociolingüística e *language planning*. Na súa intervención, o profesor Lorenzo dá varias claves para o futuro da lingua e mesmo di que “o porvir do galego vaise xogar nas cidades” e subliña o necesario rol que han de xogar as clases medias urbanas neste proceso de mantemento lingüístico. Gabriel Rei-Doval (da Universidade de Wisconsin) dálle a réplica a Anxo Lorenzo no seu traballo “Sobre crítica interna e sabotaxe lingüística”. Rei-Doval, autor de numerosos estudos sobre a lingua galega, está de acordo coa posición defendida por Lorenzo e fala de dous tipos de comportamentos individuais cara á lingua: o crítico interno e o sabotador. A partir destas dúas actitudes pódese entender mellor “ese sentimento tradicionalmente coñecido entre nós como autoodio” (p. 183), un fenómeno de relevo na sociolingüística galega.

No quinto capítulo da obra temos o traballo de Dónall Ó Riagáin, experto en planificación lingüística e idiomas menos empregados (*lesser used languages*), intitulado “A diversidade lingüística en Europa” no que proporciona argumentos favorábeis para a defensa desta diversidade cultural e humana que son as linguas. Asemade fala do papel dalgunhas institucións internacionais neste aspecto e finalmente dá nos propostas e suxestións para a defensa do multilingüismo no contexto europeo, entre as que salientaremos o “uso óptimo dos instrumentos xurídicos existentes” (p. 213) e mais “unha serie de recomendacións sobre os dereitos lingüísticos das comunidades inmigrantes” (p. 214).

O último dos capítulos que compoñen *Sociedades plurilingües...* dedícase ás relacións entre Galicia e a Lusofonía, o espazo lingüístico de fala portuguesa. O profesor Ivo Castro, da Universidade de Lisboa, escribe o relatorio “Galicia no espazo cultural e simbólico da Lusofonía” no cal defende a diversidade dos territorios de fala portuguesa, polarizados en torno a Portugal e Brasil, cunha posición especial para o caso galego. Na súa opinión “é difícil defender o mantemento da unidade entre o galego e o portugués como se ela nunca deixase de existir” (p. 233). O galego, lingua por elaboración, “sente a necesidade de definirse fronte ao castelán e ao portugués” (p.247), ocuparía un lugar non ben definido no espazo lusófono. A profesora da Universidade de Santiago Rosario Álvarez dálle a réplica ao profesor Ivo Castro na última parte do volume e propón soñar

cunha Galicia cunha “Lusofonía integradora” (p. 260) e coa construción de afinidades entre Galicia e Portugal e o resto de países de expresión portuguesa.

En definitiva esta obra constitúe, na nosa opinión, unha boa mostra de traballos sociolingüísticos achegados á realidade galega, unha realidade social diversa e plurilingüe que cómpre protexer e defender. O Consello da Cultura Galega e os autores que participan no volume son bos exemplos desta tarefa que hai de continuar no futuro desde todos os ámbitos da sociedade, non só desde as páxinas dun ensaio.

Diego MUÑOZ CARROBLES

NOIA CAMPOS, Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral. Clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo: Universidade, 1013 pp.

Poucas veces o estudoso da literatura de tradición oral é quen de levar a cabo todas as tarefas requiridas polo seu tema de investigación, pois son precisos unha visión de conxunto e unha persistencia notables. Por este motivo cómpre valorar positivamente o labor investigador da profesora Camiño Noia sobre narrativa de tradición oral, labor continuado no tempo e cuxos primeiros froitos datan de 2002. Nesta data reclamaba unha maior atención para os contos de tradición oral ao decatarse da parcialidade das publicacións existentes e da falta dunha catalogación. Consciente das eivas nos traballos editados sobre a narrativa de tradición oral en Galicia, Camiño Noia non pechou o seu estudo coa publicación da recompilación dos *Contos galegos de tradición oral* e, en 2010, ofrécenos o imprescindible e necesario catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral.

A catalogación tipolóxica proposta por Camiño Noia, como ben se expresa no “Limiar”, baséase no índice internacional elaborado por Antti Aarne e Stith Thompson (AT) e revisado e ampliado por Jörg Uther (ATU). Para aqueles contos que non teñen clasificación en ningunha das edicións do índice internacional, a autora botou man de catálogos rexionais con outras propostas como as de Ralph Boggs, Julio Camarena e Maxime Chevalier, Isabel Cardigos, Carlos González Sanz, Reginetta Haboucha, Terrence Leslie Hansen, Heda Jason e Stanley Robe. A estudosa toma a iniciativa e, no caso de non atopar “nos repertorios sinalados un número de clasificación para os contos galegos dos que temos rexistrada máis dunha versión”, fai “unha proposta de subtipo dentro da serie correspondente do ATU, marcada coa indicación (Noia)”(8-9).

Tal e como se indica no título do libro, este non é unicamente unha clasificación tipolóxica (contos de animais, contos de maxia ou maravillosos, contos relixiosos, contos realistas, contos do ogro estúpido, anécdotas e chistes e contos de fórmula), senón que tamén é unha antoloxía de contos (na liña da preparada por J. Camarena e M.